



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 29 DE MAIO DE 2008,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

DECRETOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Decreto polo que se crea o Centro Galego de Desenvolvemento Integral (CEGADI) en Santiago de Compostela

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Decreto polo que se modifica o Decreto 18/2006, do 26 de xaneiro, polo que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a xestión das previstas no Real decreto 801/2005, do 1 de xullo, para o período 2005-2008 e o Decreto 48/2006, do 23 de febreiro, polo que se regula o programa de vivenda en aluguer

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza establecer un anticipo superior ao 10% da subvención, no momento da concesión, na Resolución do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións a entidades de iniciativa social para o desenvolvemento de programas destinados á promoción e á formación de mulleres e se procede á súa convocatoria
- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a atención psicolóxica a mulleres e outras persoas dependentes delas que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero, e atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Federación de Asociacións de Familiares e Enfermos Mentais de Galicia (FEAFES- Galicia), para o desenvolvemento



dos seus programas dirixidos ás persoas con enfermidade mental, residentes na Comunidade Autónoma de Galicia

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Federación de Asociacións de Persoas Xordas (FAXPG), para a realización do programa de atención a persoas xordas e xordo-cegas residentes na Comunidade Autónoma de Galicia e o mantemento da federación

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, o Concello de Sanxenxo e a Xunta de Compensación do Plan Parcial nº 15 del PXOM de Sanxenxo, para a execución do enlace de acceso da autovía do Salnés ao parque empresarial de Sanxenxo

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo de validación do convenio asinado o 28 de decembro de 2007, de colaboración entre o Ministerio de Educación e Ciencia e a Comunidade Autónoma de Galicia para o desenvolvemento do Protocolo Xeral relativo ao Programa de Incentivación da Actividade Investigadora (Programa 13) para o ano 2007, polo que se establece a achega económica do Ministerio de Educación e Ciencia á Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2008 e 2009

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción da addenda ao convenio de colaboración suscrito entre a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia e as universidades de Santiago de Compostela e Vigo, para o cofinanciamento do proxecto Nanobiomed (Consolider- Ingenio 2010)

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza á Consellería do Medio Rural para a sinatura dun convenio de colaboración co Ministerio de Defensa, para a prevención de incendios forestais en Galicia, durante a campaña 2008, por un importe de 728.607 euros

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se aproba o acordo entre a Administración sanitaria e as organizacións sindicais sobre a ordenación e provisión de postos de traballo, xornada,



retribucións e condicións de traballo do persoal médico e diplomado en enfermaría dos puntos de atención continuada

- Acordo polo que se aproba o acordo entre a Administración sanitaria e as organizacións sindicais sobre determinadas condicións de traballo e retributivas do persoal das unidades de atención primaria
- Acordo polo que se autoriza a cláusula adicional terceira ao concerto do 16 de xaneiro de 2006, suscrito entre o Hospital Nosa Señora da Esperanza e o Servizo Galego de Saúde, pola que se actualizan a carteira de servizos, os conceptos facturables, as tarifas aplicables e o importe estimado para o ano 2008
- Acordo polo que se autoriza a cláusula adicional terceira ao concerto do 16 de xaneiro de 2006, suscrito entre o Sanatorio Cirúrxico Modelo e o Servizo Galego de Saúde, pola que se actualizan a carteira de servizos, os conceptos facturables, as tarifas aplicables e o importe estimado para o ano 2008
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Monte do Gozo para o desenvolvemento do programa terapéutico-educativo Proxecto Home de atención e rehabilitación de drogodependentes da Comunidade Autónoma de Galicia
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio marco de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Consejería de Sanidad da Junta de Castilla y León, para regular o ámbito de coordinación en materia de asistencia sanitaria
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio específico de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Xerencia Rexional de Saúde de Castilla y León, para a atención primaria, especializada e asistencia sanitaria de urxencias e emerxencias, en determinadas zonas limítrofes de ambas Comunidades Autónomas

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible co Concello de Lugo, para a planta de tratamento de lixiviados e reparación de deficiencias no selaxe do vertedoiro de residuos sólidos urbanos de Teixeira, por importe de 744.477,51 euros

CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Traballo para a sinatura dun convenio de colaboración coa Universidade de Vigo, para a realización da I Edición do Máster en



Creación, Dirección e Innovación na Empresa, que se desenvolverá durante o curso académico 2008-2009

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Sarria para o acondicionamento da zona no camiño de Barbadelo



APROBADO O DECRETO POLO QUE SE CREA O CENTRO GALEGO DE DESENVOLVEMENTO INTEGRAL (CEGADI)

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto para a posta en marcha deste centro, que inclúe un centro residencial e un centro de día***
- ***O Cegadi, no que se investirán máis de 9 millóns de euros, suporá un avance na mellora da atención ás persoas con discapacidade física ou en situación de dependencia***

O Consello da Xunta aprobou na súa xuntanza de hoxe o Decreto polo que se crea o Centro Galego de Desenvolvemento Integral (Cegadi), que terá a sede en Santiago de Compostela. O Cegadi recolle un centro de día con capacidade para 71 persoas e un centro residencial con outras 38 prazas e suporá un investimento superior aos 9 millóns de euros para a mellora da atención ás persoas con discapacidade física ou en situación de dependencia.

No Cegadi prestarase unha rehabilitación integral ás persoas discapacitadas. Nel, desenvolverase un programa funcional nas áreas residencial, de formación, de asesoramento en materia de axudas técnicas, de atención psicosocial, de rehabilitación física e hidroterapia, de vivendas para a vida independente e como centro de recursos á comunidade. O Centro Galego de Desenvolvemento Integral configúrase como unha solución residencial-asistencial para mellorar e posibilitar a integración sociolaboral, técnica e cultural das persoas con discapacidade física -prioritariamente daquelas con dependencia severa- ou que precisen da axuda de terceiras persoas ou das adaptacións tecnolóxicas de apoio para o desenvolvemento normalizado da súa vida diaria.

Centro de día e residencial

As diversas actividades programadas para o centro de día desenvolveranse nas tres aulas polivantes e contará, ademais, cunha sala de rehabilitación, unha sala de curas e un comedor-cafetaría. Pola súa banda, o centro residencial poderá acoller ata un total de 38 persoas. Así, habilitaranse 32 habitacións totalmente adaptadas, así como salas de estar e comedores.

A residencia incluírá tamén dúas vivendas piloto con capacidade para seis persoas, un espazo completamente adaptado e no que os usuarios gozarán de autonomía persoal sen renunciar ás atencións e aos servizos precisos. Nestas vivendas diporase tamén de varias salas polivalentes, salas de rehabilitación, sala de curas e comedor-cafetaría.

O novo centro construírase nunha parcela cedida polo Concello de Santiago de Compostela, que ocupa un total de 6.167 metros cadrados e sitúase no Sunp-2, en Salgueiriños.



A XUNTA CONCEDE SUBVENCÍONS DE ATA 18.000 EUROS ÁS VIVENDAS QUE LEVEN UN ANO BALEIRAS E SE INCORPOREN AO PROGRAMA DE VIVENDA EN ALUGUER

- ***A Consellería de Vivenda e Solo tamén crea as Áreas de renovación urbana (ARU) co obxectivo de recuperar tecidos urbanos ou barrios en proceso de degradación física, social ou ambiental***
- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a modificación do Decreto 48/2006 que regula o Programa de vivenda en aluguer e o Decreto 18/2006 que establece as axudas do Plan de Vivenda 2005-2008***

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe, por proposta da Consellería de Vivenda e Solo, a modificación do Decreto 48/2006, do 23 de febreiro, que regula o Programa de vivenda en aluguer. Esta modificación supón a concesión de subvencións directas de 6.000 euros por vivenda para os propietarios que teñan unha vivenda baleira durante polo menos un ano e decidan incorporala ao Programa de vivenda en aluguer. Con esta nova axuda a Consellería de Vivenda e Solo pretende incentivar a saída ao mercado de aluguer das vivendas baleiras.

Esta subvención é compatible coas axudas xa existentes de ata 12.000 euros para efectuar obras de mellora nas vivendas que se incorporen a este programa. Isto significa que as axudas para este tipo de vivendas baleiras de longa duración poden acadar os 18.000 euros. O resto das vivendas que leven baleiras menos dun ano e se incorporen ao Programa de vivenda en aluguer poden optar tamén ás axudas de ata 12.000 euros para realizar obras de mellora.

Por outra banda, o Consello da Xunta tamén aprobou a modificación do Decreto 18/2006, doe 1 de xullo, que establece as axudas do Plan de Vivenda 2005-2008. Esta modificación supón a creación das *Áreas de renovación urbana (ARU)* co obxectivo de recuperar tecidos urbanos ou barrios en proceso de degradación física, social ou ambiental. As ARU son un tipo de áreas de rehabilitación que se suman ás xa existentes Áreas de rehabilitación integral (ARI) e Área de rehabilitación de centro histórico (ARU).

No caso das Áreas de renovación urbana (ARU) as vivendas deberán ter unha antigüidade mínima de 30 anos e estar por debaixo dos estándares mínimos de habitabilidade –infravivenda–. A zona declarada ARU requirirá actuacións de renovación integral e incluso demolicións xeralizadas.

As axudas previstas son as mesmas que para as ARI, ata o 40% do orzamento protexible cun límite de 9.000 euros por vivenda, ademais prevén préstamos convidados e subsidiados para actuacións de renovación, e no caso de ser necesarios realoxos os afectados terán unha subvención do 50% do custo do realoxo cun límite de 1.000 euros por unidade familiar.



Ademais, os concellos que fagan actuacións de urbanización e reurbanización nas rúas e prazas incluídas nas ARU poderán recibir unha subvención de ata o 50% do custo da intervención cun límite de 1.500 euros por vivenda.



A XUNTA DESTINA 1,6 MILLÓNS DE EUROS ÁS LIÑAS DE AXUDA PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE PROMOCIÓN E FORMACIÓN A PROL DAS MULLERES

- ***O Consello da Xunta autorizou a convocatoria de subvencións dirixidas a entidades de iniciativa social***
- ***A liña de axudas inclúe o financiamento para centros de atención especializada, para os recursos especializados e para a promoción de actividades, ademais dos programas de formación***
- ***Con esta convocatoria, o Goberno galego unifica nunha soa resolución as distintas liñas de acción e inclúe, por primeira vez, o financiamento para centros de atención especializada, para os recursos especializados e para a promoción de actividades***

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, autorizou a convocatoria por parte do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller (SGI), adscrito á Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia, dunha liña de axudas para a realización de programas de promoción e formación a prol das mulleres. O importe global destinado a estas axudas ascende a 1.600.000 euros, cofinanciados en parte polo Fondo Social Europeo, dos cales poderán beneficiarse as entidades de iniciativa social.

A liña de axudas para a iniciativa social unifica nunha soa resolución distintas liñas de acción que desenvolverán estas entidades que eran obxecto de convocatorias diferentes noutros anos, incluíndo, ademais dos programas de formación, o financiamento para centros de atención especializada, para os recursos especializados e para a promoción de actividades.

Formación

As subvencións para os programas de formación están destinadas a apoiar programas que teñen como obxectivo fomentar a mellora da capacitación das mulleres para acceder ao mercado de traballo. Así, inclúense programas destinados a facilitar a inserción laboral das mulleres, no rol de asalariadas ou de traballadoras autónomas, impulsando a súa cualificación naquelas profesións en que se atopen subrepresentadas e que sexan demandadas polo mercado de traballo. Tamén se prevé o apoio a programas de formación en novas tecnoloxías para mulleres, nomeadamente os que apostan polo desenvolvemento sustentable. Así mesmo, subvencionaranse outros proxectos formativos de carácter singular que poidan proporcionar un valor engadido ás accións anteriores. Por segundo ano, apoiaranse aqueles programas de formación que contribúan a sacar ao mercado e aos servizos públicos os labores de coidado que realizan maioritariamente as mulleres de xeito gratuíto nos fogares.

Entre as destinatarias, terán preferencia as mulleres que sufran situacións de violencia de xénero ou de exclusión social ou que teñan responsabilidades familiares non compartidas, así como as que desexen incorporarse á vida laboral despois dunha interrupción causada pola dificultade de compaxinar a súa vida familiar e laboral.



Para facilitar o acceso á formación ás mulleres con especial dificultade, ademais dos gastos imputables aos cursos, establécense como gastos subvencionables os que deriven da prestación de servizos de gardararía, de canguros ou asistencia domiciliaria no horario lectivo, en caso de ter unha persoa dependente a cargo. Ademais, prevense bolsas para alumnas cun mínimo do 33% de discapacidade acreditada e axudas de transporte para aquelas mulleres que residan a máis de 3 km do lugar onde se imparta o curso.

Actividades, atención especializada e recursos

Como segundo campo de actuacións, o programa ten por obxecto sufragar o gasto derivado da realización de actividades destinadas a facer posible a incorporación das mulleres á vida política, económica, cultural, social e laboral. Tamén queren estimular o coñecemento do seu contorno e fomentar a relación e colaboración entre asociacións de mulleres. A orde de axudas recolle así mesmo un programa dirixido a sufragar os gastos correntes e de persoal directamente vinculados a estas actividades.

Entre os criterios que se valorarán para a concesión destas subvencións terase en conta, entre outros, que as actividades favorezan o acceso das mulleres ás novas tecnoloxías, que acheguen as mulleres ás distintas modalidades de ocio e tempo libre, que favorezan a práctica de deportes que adoitan ter pouca presenza feminina, que afonden na recuperación da historia das mulleres da localidade ou comarca, ou que impulsen o coñecemento dos dereitos das mulleres. Valorarase tamén que as actividades propostas favorezan o movemento asociativo de mulleres novas, así como o intercambio de experiencias entre as asociacións de mulleres. Por outra banda, tamén se terá en conta que propicien a integración de mulleres en proceso de exclusión social, que faciliten o acceso ao mercado laboral ou que redunden nun maior coñecemento das características específicas da saúde das mulleres.

Recursos e centros de atención especializada

Finalmente, as axudas do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller colaborarán tamén no financiamento da prestación de recursos especializados para que as mulleres poidan superar situacións de marxinación ou desigualdade. Inclúense neste grupo os recursos para mulleres en situación de risco ou en proceso de exclusión social, con especial atención ás mulleres que exercen a prostitución, reclusas ou drogodependentes; os recursos de apoio a mulleres anciás soas, mulleres con discapacidade, mulleres inmigrantes ou que pertencen a maiorías étnicas; os recursos integrados de atención permanente ás mulleres en materia de asesoramento xurídico, apoio psicolóxico e apoio en saúde sexual e reprodutiva; e os programas de acompañamento ás vítimas de violencia de xénero.

Tamén se recollen nas axudas os gastos correntes e de persoal de centros especializados na atención de mulleres en situación de exclusión.



O GOBERNO GALEGO E O COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA COLABORARÁN NA ATENCIÓN ÁS VÍTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración a través do que se desenvolverán os servizos de atención psicolóxica***

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para o desenvolvemento de programas de atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero, así como aos menores e outras persoas dependentes que se vexan tamén afectadas polas situacións de violencia. O convenio estenderase tamén ao programa Abramos o círculo, unha iniciativa de atención psicolóxica aos homes con problemas de control de violencia no eido familiar.

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta achegará un total de 154.600 euros para o desenvolvemento destes dous programas ao longo deste ano. A través destas iniciativas preténdese dar un paso máis na erradicación da violencia de xénero e mellorar tamén a asistencia ás vítimas, de xeito que se garanta a súa recuperación e normalización social.

A través deste novo convenio, que dá continuidade á colaboración xa establecida entre a Administración autonómica e o colexio de psicólogos, garántese a atención psicolóxica especializada para as mulleres vítimas de violencia de xénero en proceso de recuperación terapéutica, así como para os menores ou outras persoas dependentes que vivisen ou padecesen tamén situacións de violencia de xénero.

Pola súa banda, o programa Abramos o círculo prestará atención psicolóxica especializada que abra vías de recuperación aos homes que recoñezan ter problemas de control de violencia no eido familiar. Deste xeito búscase atallar a violencia de xénero desde a base, proporcionando os recursos precisos para que os posibles maltratadores reaccionen ante o seu caso, evitando así as situacións de violencia de xénero no núcleo familiar.

En cada un dos programas designarase un psicólogo ou psicóloga, nomeado polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, que será o encargado de coordinar o programa. A atención psicolóxica desenvolverase a través dunha completa rede de profesionais acreditados que levarán a cabo a intervención en todo o país. No convenio establécese tamén que os psicólogos e psicólogas dos programas recollidos neste deberán cursar as actividades de formación continua precisas para garantir a súa profesionalidade e actualización de coñecementos, especialmente no relativo á violencia de xénero.



O EXECUTIVO AUTONÓMICO COLABORARÁ CON FEAFES-GALICIA NO DESENVOLVEMENTO DOS PROGRAMAS DE ATENCIÓN A PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL EN GALICIA

- ***A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar achegará 350.000 euros para esta iniciativa***

O Consello da Xunta autorizou, na súa reunión de hoxe, a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Federación de Asociacións de Familiares e Enfermos Mentais de Galicia (FEAFES-GALICIA) para colaborar no mantemento e desenvolvemento dos programas que se executarán en 2008 para a atención a persoas con enfermidade mental residentes en Galicia. O departamento autonómico achegará 350.000 euros para esta iniciativa.

A través deste convenio que asinarán a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e FEAFES, esta entidade poderá desenvolver as actuacións de carácter social dirixidas ás persoas dependentes con trastornos mentais. Estas actuacións consisten no programa de atención a domicilio no rural co fin de que as persoas con enfermidade mental poidan acadar o maior grao posible de autonomía para o desenvolvemento das súas actividades e no programa de fomento das actividades da vida diaria.

Mediante o programa de atención a domicilio no rural, Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e FEAFES perseguen prestar a axuda necesaria e a atención debida a persoas en situación de dependencia que por mor do illamento ou características especiais do seu lugar de residencia non poden acceder aos servizos de apoio comunitarios. Con este programa incídese nos autocoidados e na atención das necesidades do fogar mediante talleres de coidados persoais, cociña básica e limpeza doméstica. Tamén se fomentan as habilidades sociais e o coñecemento básico de formación e emprego para contribuír a unha maior e máis efectiva integración social, unha das finalidades e obxectivos das actividades.



A XUNTA DESTINA 850.000 EUROS PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE ATENCIÓN A PERSOAS XORDAS E XORDO-CEGAS

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia, (FAPXG), para a realización do programa de atención a persoas xordas e xordo-cegas residentes en Galicia. A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar financiará con 850.000 euros o desenvolvemento deste programa, así como o mantemento da Federación ao longo deste ano.

Con este convenio, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar contribuirá ao financiamento dos programas que a Federación de Asociacións de Persoas Xordas desenvolva durante este ano 2008. Entre estes programas está o Servizo de Atención a Persoas Xordas, que se realiza nos locais das seis asociacións de persoas xordas federadas en Galicia, nos que os profesionais traballan coas persoas xordas ou xordo-cegas para favorecer o seu desenvolvemento persoal e autónomo e a súa integración no ámbito social e familiar.

Outro dos programas que se desenvolven é o Servizo de Intérpretes de Lingua de Signos, co que se pretende dotar as asociacións de persoas xordas locais e as axencias de intérpretes de lingua de signos para favorecer a eliminación das barreiras de comunicación, potenciando así a independencia das persoas xordas nas súas cuestións diarias e persoais.

Segundo o convenio que asinarán a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e FAXPG tamén se financiará o Servizo Integral de Persoas Xordas, posto en marcha a través do Centro de Formación e Recursos da Federación, situado na Coruña. Entre os seus obxectivos está ofrecer información e asesoramento sobre temas de interese para as persoas xordas, atender as demandas específicas dos usuarios xordos co fin de que a súa integración social se efectúe nas condicións óptimas e poñer en marcha cursos de formación complementaria e outros dirixidos ao emprego.



AUTORIZADO O CONVENIO ENTRE A XUNTA, O CONCELLO DE SANXENXO E A XUNTA DE COMPENSACIÓN PARA ACOMETER O ENLACE DA AUTOVÍA DO SALNÉS CO PARQUE EMPRESARIAL DE NANTES

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, o Concello de Sanxenxo, e a Xunta de Compensación do Plan Parcial nº 15 do PXOM de Sanxenxo para acometer as obras do enlace da futura autovía do Salnés co parque empresarial de Nantes.

Este acordo do Consello da Xunta ratifica o protocolo asinado o luns pasado entre a conselleira de Política Territorial, María José Caride, e a alcaldesa de Sanxenxo, Catalina González, co fin de garantir unha axeitada comunicación da autovía co parque empresarial e tamén co resto da comarca a través dos lugares de Altamira e Xuncabranca, na parroquia de Vilalonga.

O convenio establece as condicións de construción do citado enlace, cun custo de 3,5 millóns de euros que serán financiados a partes iguais pola Consellería de Política Territorial e o Concello de Sanxenxo con 1,5 millóns de euros cada un. Os 500.000 euros restantes serán achegados pola Xunta de Compensación do Plan Parcial nº 15 do PXOM de Sanxenxo.

No que atinxe aos terreos, o Concello de Sanxenxo porá á disposición da Consellería os terreos necesarios libres de gravames e de cargas, mentres que Política Territorial deixará sen efecto o expediente expropiatorio que afectaba os citados terreos. A CPTOPT tamén será a encargada de redactar, supervisar e aprobar o proxecto técnico do enlace da autovía co parque empresarial, e de contratar as obras.

Con este acordo, ambas as Administracións comprométense a dar por superados todos os litixios en marcha respecto á titularidade dos terreos afectados polas obras da autovía do Salnés.



O GOBERNO CENTRAL E A XUNTA ACHEGAN 1,9 MILLÓNS DE EUROS EN 2008 E 2009 AO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE INCENTIVACIÓN DA ACTIVIDADE INVESTIGADORA

- ***O Consello da Xunta aprobou e validou o convenio de colaboración entre ambas as administracións para o desenvolvemento do protocolo xeral relativo ao Programa I3***
- ***O obxectivo deste programa é incentivar a captación e a incorporación estable de investigadores, así como apoiar as accións das universidades que favorezan a dedicación intensiva á actividade de investigación dos seus profesores***

O Consello da Xunta validou o convenio asinado en decembro de 2007 entre o anterior Ministerio de Educación e Ciencia (MEC) e a Comunidade Autónoma de Galicia para o desenvolvemento do protocolo xeral relativo ao Programa de incentivación da actividade investigadora (Programa I3). Así, en virtude deste acordo, o Ministerio e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria achegarán un total de 1.900.000 euros en 2008 e 2009 para continuar co desenvolvemento deste programa.

O obxectivo do Programa I3, e polo tanto do convenio, é incentivar a captación e a incorporación estable de investigadores españois e estranxeiros cunha traxectoria destacada, así como apoiar as accións das universidades que favorezan a dedicación intensiva á actividade de investigación dos seus profesores e que promovan o recoñecemento desta actividade nos seus respectivos plans de organización docente.

Este convenio desenvolve o protocolo xeral de colaboración do Programa I3, na execución do Plan Nacional de I+D+I 2004-2007, asinado pola ministra de Educación e Ciencia, a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria e o conselleiro de Innovación e Industria en outubro de 2005.



O GOBERNO GALEGO ACHEGARÁ ÁS UNIVERSIDADES DE SANTIAGO E DE VIGO 50.000 EUROS EN 2008 PARA FINANCIAR O PROXECTO NANOBIOIMED

O Consello da Xunta aprobou hoxe a addenda ao convenio da Consellaría de Innovación e Industria coas Universidades de Santiago de Compostela e de Vigo para o cofinanciamento do proxecto Nanobiomed. Despois de achegar un total de 125.000 euros en 2007, Innovación e Industria, a través da Dirección Xeral de I+D+i, investirá neste ano outros 49.364 euros. Desta cantidade, a Universidade de Santiago percibirá 35.000 euros, mentres que á de Vigo lle corresponden 14.364 euros.

O proxecto Nanobiomed, liderado polo Instituto de Nanociencia da Universidade de Zaragoza, forma parte do programa Consolider, configurado como un conxunto de accións de fomento e consolidación da I+D+i. Estas accións están dirixidas a equipos de investigación españois de máximo nivel de calidade, coa finalidade de incrementar a masa crítica investigadora e a colaboración entre os grupos.

Nanobiomed propón un programa de actividade investigadora integral, centrada na aplicación das nanopartículas das áreas de nanoterapia e nanodiagnóstico e xuntando a experiencia de científicos relevantes das áreas de física, química, bioquímica, farmacia e medicina. Colaboran no proxecto 60 investigadores pertencentes a grupos de Aragón, Galicia e Cataluña. A duración é de cinco anos e a dotación orzamentaria chega aos 4.500.0000 euros.

A investigación procura acadar a prevención e a cura de enfermidades aplicando sofisticadas técnicas de preparación e caracterización de novos materiais en forma de nanopartículas. Grazas a estes materiais, desenvolveranse fármacos intelixentes que se dirixan cara á zona afectada por unha enfermidade, métodos de diagnósticos baseados en biosensores que permitan avaliar enfermidades en estados incipientes e novos axentes de contraste para mellorar a resolución das imaxes de resonancia magnética.

Dentro do grupo de traballo de Nanobiomed, as dúas universidades galegas teñen asignadas tarefas como o deseño de nanomedicinas, o desenvolvemento de nanopartículas para o transporte e a liberación de fármacos, a aplicación de nanotecnoloxías ao diagnóstico médico, o estudo da biocompatibilidade e da eficacia de nanomateriais con finalidade terapéutica e o desenvolvemento de anticorpos específicos e técnicas que permitan a súa unión a nanopartículas. Corresponde ademais ás universidades de Vigo e de Santiago a coordinación de tres liñas específicas de actuación das oito en que se divide o proxecto e máis a tarefa de fomentar a investigación interdisciplinar dentro do ámbito das nanotecnoloxías na comunidade galega.



O GOBERNO GALEGO ASINARÁ UN CONVENIO CO MINISTERIO DE DEFENSA PARA A VIXILANCIA DISUASORIA EN ZONA FORESTAL

- *O Consello da Xunta autoriza un convenio co Ministerio de Defensa para o emprego de recursos militares na prevención de incendios, co fin de vixiar e de identificar os potenciais causantes de lumes forestais*
- *O acordo ten un importe de 728.607 euros para a campaña de 2008 e establece a dotación de recursos persoais e materiais en caso de situación de emerxencia*
- *Este convenio suporá o despregamento de 23 patrullas terrestres e de dous helicópteros para vixilancia durante os meses de xullo e agosto*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración co Ministerio de Defensa que permitirá que o dispositivo de prevención e defensa contra os incendios forestais integre a acción das Forzas Armadas durante a campaña de 2008. Vese así prorrogada a colaboración iniciada entre o Goberno central e a Xunta no ano 2007 co obxectivo de reforzar as tarefas de vixilancia e persuasión da actividade incendiaria nos montes galegos.

En virtude do acordo aprobado hoxe, a Consellería do Medio Rural subscribirá un convenio co Ministerio de Defensa para realizar o despregamento operativo de patrullas terrestres, con misión de vixilancia e disuasión, compostas por militares sobre vehículos e por helicópteros de vixilancia, de acordo con tres niveis de esforzo. O acordo ten un importe de 728.607 euros para a campaña de 2008 e establece a dotación de recursos persoais e materiais en caso de situación de emerxencia

O nivel de esforzo mínimo supón o despregamento de 23 patrullas terrestres e de dous helicópteros para vixilancia durante os meses de xullo e agosto. Durante o mes de xuño realizarase unha fase de recoñecemento. As zonas de vixilancia, de despregamento e de actuación preferente serán as acordadas entre a Subdirección Xeral de Defensa contra Incendios Forestais e o Ministerio de Defensa, que poderán ser adaptadas ás situacións que se produzan no transcurso do período de vixencia do convenio.

En canto ao nivel de esforzo medio, poderase activar no caso de producirse unha situación xeneralizada de incendios de nivel de gravidade potencial 2 nalgunha das provincias galegas cun despregamento máximo de 50 patrullas e de 3 helicópteros; mentres o nivel de esforzo máximo declararase se existise unha situación xeneralizada de nivel 2 en varias provincias galegas, de acordo co Comité Interministerial para a Prevención e Loita contra Incendios Forestais, cun despregamento máximo de 75 patrullas terrestres e de 4 helicópteros de vixilancia.

APROBADOS DOUS ACORDOS QUE MELLORAN AS CONDICIÓNS DE TRABALLO DO PERSOAL MÉDICO E DE ENFERMARÍA DOS PUNTOS DE ATENCIÓN CONTINUADA E DE ATENCIÓN PRIMARIA



- ***Ambos os documentos foron acordados polo Servizo Galego de Saúde e as organizacións sindicais e enmárcanse dentro das melloras establecidas no Plan de Mellora da Atención Primaria 2007-2011***
- ***O acordo que afecta o persoal dos puntos de atención continuada mellora as condicións de 840 profesionais, e conta cun orzamento de máis de nove millóns de euros***
- ***Unhas 5.000 persoas poderán beneficiarse das melloras para o persoal de atención primaria***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe dous acordos asinados polo Servizo Galego de Saúde e as organizacións sindicais presentes en Mesa Sectorial de Sanidade (CIG, CCOO, UXT e SATSE). Ambos os dous documentos enmárcanse no Plan de Mellora de Atención Primaria e tamén responden ao obxectivo transversal de mellora dos recursos humanos do Goberno galego ofertando máis e mellor emprego na Sanidade pública galega.

O acordo sobre ordenación e provisión de postos de traballo, xornada, retribucións e condicións de traballo do persoal médico e diplomado en enfermaría dos Puntos de Atención Continuada trata de axustar o réxime xurídico deste colectivo á especificidade da súa prestación ao contexto actual de emprego. En concreto, a prestación de atención continuada ao longo de todos os días e noites do ano, coa escaseza actual de profesionais e a necesidade de garantir a prestación da asistencia.

No relativo á xornada, o acordo explicita a relevancia da vontade dos profesionais para a fixación da súa xornada complementaria; e no relativo ás retribucións, incorpora factores ligados á nocturnidade e á festividade. Ademais este acordo fai referencia a outros aspectos como a elaboración de calendarios, vacacións, incidencia da incapacidade temporal, entre outros.

Este acordo afectará a un total de 840 profesionais sanitarios, dos que 468 son persoal facultativo e outros 372 son persoal de enfermaría.

O orzamento destinado á aplicación deste acordo no período 2008-2010 ascende a 9.685.829 euros, que se distribúe en 3.789.457 euros no ano 2008, outros 3.598.071 euros en 2009, e outros 2.298.301 euros en 2010.

Mellora dos mecanismos de substitución

Outro dos acordos asinados esta mañá no Consello da Xunta é sobre determinadas condicións de traballo e retributivas do persoal das unidades de atención primaria, que trata de retribuír de forma máis xusta e axustada ao persoal que asuma a actividade do persoal ausente para manter a continuidade asistencial aos cidadáns durante as vacacións, permisos e baixas por maternidade ou enfermidade dos profesionais que traballan nos centros de saúde.



Esta medida beneficia a preto de 5.000 (entre profesionais de medicina familiar e comunitaria, de pediatría, odontoloxía, fisioterapia, e diplomados de enfermaría) que potencialmente poden acollerse a estas vantaxes.

Entre as actuacións previstas neste acordo figura a mellora do complemento de intersubstitución e das condicións da oferta para a prestación voluntaria de atención continuada.

Esta medida tamén especifica que a intersubstitución debe ter carácter subsidiario fronte a outras medidas de suplencia máis axeitadas, como son a incorporación de aspirantes das listas de vinculación temporal, as prolognacións de xornada do persoal destas listas, as prolongacións de xornada do persoal da propia unidade, ou a xornada complementaria do persoal que ocupa postos de traballo nos puntos de atención continuada.



O GOBERNO GALEGO ACTUALIZA A CARTEIRA DE SERVIZOS E AS TARIFAS CORRESPONDENTES A 2008 CON DOUS CENTROS CONCERTADOS DA PROVINCIA DA CORUÑA

- ***O importe dos concertos de 2008 con Nosa Señora da Esperanza en Santiago e o Sanatorio Cirúrxico Modelo da Coruña sitúase en 4.840.000 euros***

O Consello da Xunta de Galicia acordou hoxe actualizar os concertos subscritos entre o Servizo Galego de Saúde e os centros sanitarios Nosa Señora da Esperanza, de Santiago de Compostela, e o Sanatorio Cirúrxico Modelo, da Coruña.

O importe total estimado para estes dous centros pola súa actividade que se desenvolverá no 2008 á hora de atender os pacientes beneficiarios da Seguridade Social protexidos polo Servizo Galego de Saúde, é de 4.840.000 euros.

Desagregadas as cantidades por centros, o importe total estimado para 2008 no concerto entre o Servizo Galego de Saúde e Nosa Señora da Esperanza é de 3.240.000 euros; e para o concerto co Sanatorio Cirúrxico Modelo é de 1.600.000 euros.

Estes concertos responden ao convencemento da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde de aproveitar todos os recursos sanitarios existentes tanto público como privados, sempre e cando estes últimos sexan subsidiarios e complementarios da actividade pública.



A XUNTA DESTINARÁ MÁIS DE 800.000 EUROS EN 2008 AO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA TERAPÉUTICO EDUCATIVO PROXECTO HOME

- ***O convenio entre a Consellería de Sanidade e a Fundación Monte do Gozo está destinado á asistencia de persoas con problemas de drogadicción***
- ***O programa segue os criterios do Plan de Galicia sobre Drogas 2007-2009***

A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde van destinar este ano un total de 858.333 euros para o desenvolvemento do Programa Terapéutico Educativo Proxecto Home de Atención e Rehabilitación de Drogodependentes da Comunidade Autónoma de Galicia, tal e como aprobou hoxe o Consello da Xunta, que autorizou un convenio entre a Sanidade pública galega e a Fundación Monte do Gozo.

Este convenio permitirá prestar servizos sanitarios e asistenciais a persoas con problemas derivados do consumo de drogas, atendendo á planificación e criterios contidos no Plan de Galicia sobre Drogas 2007-2009, respectando sempre os principios de anonimato, voluntariedade e gratuidade da asistencia.

A prestación destes servizos lévase a cabo en dispositivos situados nas localidades de Santiago de Compostela, Vigo, Ourense e Lugo.

O programa terapéutico educativo comprende as fases de acollida, de carácter ambulatorio e unha duración que oscilará entre catro e seis meses; a fase de comunidade terapéutica, que é continuidade do anterior, cunha duración variable; e, por último, a fase de comunidade de reinserción, tamén ten unha duración variable.

Todos estes servizos prestados no marco do Proxecto Home están baixo a coordinación e programación dispostas pola Subdirección Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias do Servizo Galego de Saúde.



GALICIA E CASTELA LEÓN COLABORAN PARA OFRECER UNHA ATENCIÓN SANITARIA MÁIS ACHEGADA NAS SÚAS ZONAS LÍMITROFES

- ***Autorizouse a trámite o Convenio Marco de asistencia sanitaria entre a Consellería de Sanidade e a Xerencia de Saúde de Castela e León, e outro Específico que concreta xa a atención Primaria, Especializada e de Urgencias***
- ***O acordo dá resposta a unha reivindicación histórica nas poboacións limítrofes e beneficiará directamente a máis de 6.000 veciñas e veciños dos concellos ourensáns de Rubiá e Viana do Bolo, da Alta Sanabria en Zamora, e Ponte de Domingo Florez e A Cabrera en León***

O Consello da Xunta de Galicia autorizou a trámite os convenios entre a Consellería de Sanidade de Galicia e a Xerencia Rexional de Saúde de Castela e León, na que se regula a oferta dunha asistencia sanitaria máis achegada e coordinada nas zonas limítrofes entre ámbalas dúas Comunidades Autónomas. Por unha banda, establecerase un Convenio Marco, e por outra, desenvolverase o Convenio que de xeito específico acorda xa aspectos relativos á Atención Primaria, a Atención Especializada e a de Urgencias e Emerxencias.

Estes documentos determinan un vínculo que coordine as actuacións das dúas administracións en materia sanitaria, e que pola súa proximidade teñen mantido tradicionalmente relacións nesta materia. Xunto con isto, o sistema público inspírase nos principios de solidariedade, igualdade, equidade, co que se pretende eliminar as desigualdades e acadar unha maior xustiza distributiva. Polo tanto, facilítase a accesibilidade; promóvese a garántese o dereito de saúde; asegúrase a coordinación entre os dispositivos sanitarios; foméntase compartir experiencias; e impúlsase un escenario de accións conxuntas.

Estes convenios serán de aplicación en todo o territorio das dúas Comunidades Autónomas, e en especial nas zonas limítrofes das Áreas de Saúde, Rexións Sanitarias, Sectores Sanitarios e Zonas Básicas de Saúde ou outras divisións territoriais, e formalizaranse en convenios específicos posteriores, como o que se aproba hoxe a trámite relativo a Primaria, Especializada e Urgencias e Emerxencias.

Asistencia Primaria e Especializada que beneficia aos pacientes

De xeito concreto, régúlase o ámbito de coordinación, garantindo a asistencia sanitaria da poboación das zonas situadas nas lindes territoriais de ámbalas dúas comunidades en condicións de máxima accesibilidade, e empregando os recursos máis achegados, independentemente de que estes pertencen a unha ou outra comunidade.

Así, dáse resposta a unha reivindicación histórica nas poboacións limítrofes, cara a accesibilidade dos servizos sanitarios indiferentemente da adscrición destes a unha ou outra comunidade, e beneficiará directamente a mais de 6.000 veciños e veciñas dos concellos ourensáns de Rubiá e Viana do Bolo, da Alta Sanabria en Zamora, e de Ponte de Domingo Florez e A Cabrera en León que, froito deste acordo, poderán acudir a



dispositivos de atención primaria e especializada dependentes tanto do Servizo Galego de Saúde como do Servizo de Saúde de Castilla-León, o Sacyl.

En concreto, aos 400 veciños das localidades de Quereño, Vilar de Xeos, Sobredo e Pardellán, no concello ourensán de Rubiá, que poderán acudir ao Centro de Salud de Puente de Domingo Florez, en León, a tan só un quilómetro das súas casas, evitando desprazarse ata o Centro de Saúde de Rubiá, moito mais afastado e de difícil comunicación viaria. Esta mesma posibilidade ábrese para os 212 usuarios e usuarias do Centro de Saúde do extenso concello de Viana do Bolo, residentes en Pradorramisquedo, que poderán desde agora acudir aos moito mais próximos de Zamora, nas localidades de Pías ou Porto de Zamora, situadas a tan só cinco minutos.

Asistencia nos Hospitais de Valdeorras e Verín

Pola súa banda, os ao redor de 1.200 veciños e veciñas dos concellos zamoranos da Alta Sanabria, residentes en Hermisende, Lubián, Pías e Porto, poderán elixir entre o seu hospital de referencia en Zamora, e o máis próximo de Verín, onde tamén poderán recibir atención especializada, de urxencias e emerxencias.

No que atinxe á area de Valdeorras e os seus veciños e veciñas leoneses do Bierzo, o acordo concrétase na nova posibilidade dos 4.500 habitantes da Zona Básica de Salud de Puente de Domingo Florez e A Cabrera que poderán optar por recibir atención sanitaria urxente no Hospital de Ponferrada ou no mais próximo Hospital Comarcal de Valdeorras.

Ademais deste claro compromiso cos territorios limítrofes, o protocolo de colaboración supón tamén o punto de partida cara unha etapa de colaboración e entendemento entre ámbalas dúas Comunidades Autónomas, que se concretará nun futuro Convenio Marco que dará soporte xurídico ás distintas actuacións que se acorden co obxectivo de coordinar tanto os seus dispositivos sanitarios, como compartir experiencias e coñecementos, promover escenarios para a participación conxunta das e dos profesionais sanitarios de ámbolos dous servizos de saúde, e, en definitiva, de mellorar a asistencia sanitaria á cidadanía galega e castela-leonesa.



O GOBERNO GALEGO DESTINA 744.477 EUROS Á CONSTRUCCIÓN DUNHA PLANTA DE TRATAMENTO DE LIXIVIADOS E A REPARACIÓN DE DEFICIENCIAS NA SELAXE DO VERTEDOIRO DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS DE TEIXEIRO (LUGO)

- ***A actuación permitirá subsanar as carencias do depósito, clausurado pola consellería no ano 2001, entre elas do actual sistema de desgasificación para o aproveitamento enerxético do biogás***

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a través Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental vai proceder á construción dunha planta de lixiviados e a reparación de deficiencias na selaxe do vertedoiro de residuos sólidos urbanos de Teixeira, en Lugo. O proxecto supón un investimento de 744.477 euros por parte do departamento autonómico, que en 2002 xa procedera á selaxe do vertedoiro.

O proxecto aprobado hoxe no Consello da Xunta ten por obxecto a definición e instalacións necesarias para corrixir as deficiencias existentes nos sistemas de protección ambiental do vertedoiro, que inclúe, entre outras actuacións: a construción dunha planta para o tratamento de lixiviados, a execución dun depósito de regulación, a reparación da cuberta e do sistema de desgasificación.

Das instalacións previstas é a planta de tratamento de lixiviados a que acapara a maior parte do investimento, concretamente 418.648 euros dos 744.477 euros de orzamento previstos. A construción desta planta permitirá tratar os lixiviados in situ, evitando o seu traslado a un xestor de residuos autorizado.

Así mesmo, a reparación do sistema de desgasificación permitirá adecuar o vertedoiro para a instalación dun sistema de aproveitamento de biogás para a produción de enerxía eléctrica. Trátase dunha iniciativa pioneira de aproveitamento dos gases que se poidan desprender dos residuos selados para produción enerxética, que ata o de agora se viñan liberando directamente á atmosfera (no caso de seren pasivos) ou eliminando (se son activos). Este sistema implantarase, ademais de en Lugo, nos vertedoiros de Santiago de Compostela, Ferrol, Ourense e Pontevedra, no marco dun convenio entre a Consellería e o Ministerio de Medio Ambiente dentro do plan de medidas urxentes da Estratexia Española do Cambio Climático.

Todas as actuacións teñen un prazo de execución de seis meses, tras a súa adxudicación, segundo consta no proxecto.

O vertedoiro de Lugo, sito no Monte Teixeira, foi selado pola Consellería de Medio Ambiente no ano 2002 e o custo de execución desta obra supuxo un investimento de 1,6 millóns de euros por parte da administración autonómica.



A XUNTA SUBVENCIONA A I EDICIÓN DO MÁSTER EN CREACIÓN, DIRECCIÓN E INNOVACIÓN NA EMPRESA CON 45.000 EUROS

- ***O máster, no que participarán un número máximo de 25 persoas, está dirixido a alumnos das especialidades de Administración e Dirección de Empresas, Economía, Enxeñaría Industrial ou Organización Industrial***

A Xunta de Galicia aprobou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e a Universidade de Vigo para a realización da *I Edición do Máster en Creación, Dirección e Innovación na Empresa*, para o curso académico 2008-2009 na Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo do Campus de Ourense da Universidade de Vigo. O departamento que dirixe Ricardo Varela subvencionará a posta en marcha desta iniciativa, de carácter bianual, con 45.000 euros.

A finalidade desta colaboración é fomentar a formación de especialistas en ámbitos relativos á creación de empresas, á xestión da innovación, tecnoloxía e calidade na empresa e á xestión empresarial, que acrecenten a capacidade innovadora da economía galega.

O número de prazas ofertadas para esta primeira edición é de 25 e está dirixido aos licenciados, enxeñeiros superiores e técnicos, arquitectos superiores e técnicos, diplomados e graduados en Administración e Dirección de Empresas, Economía, Enxeñaría Industrial, Organización Industrial ou calquera outra titulación oficial equivalente.

Este *máster* está constituído por 4 módulos de formación, que se centrarán na xestión avanzada de empresas e economía; na creación de empresas; na xestión da innovación, a tecnoloxía e a calidade; e, por último, na especialización, cun traballo fin de *máster*.



O GOBERNO GALEGO INVISTE 218.686 EUROS NO ACONDICIONAMENTO DA ZONA DO CAMIÑO DE SANTIAGO DE BARBADELO, NO CONCELLO DE SARRIA

- ***A Xunta e o Concello de Sarria asinarán un convenio de colaboración para levar a cabo estas actuacións cun orzamento total de 273.362 euros***
- ***Entre as funcións da Consellería de Vivenda e Solo está o fomento da rehabilitación e renovación de espazos públicos en centros históricos, áreas de rehabilitación e no medio rural***

O Consello da Xunta autorizou hoxe, por proposta da Consellería de Vivenda e Solo, un investimento de 218.686 euros no acondicionamento da zona do Camiño de Santiago de Barbadelo no municipio de Sarria. A Consellería e o Concello de Sarria asinarán un convenio de colaboración para o desenvolvemento destas melloras durante o ano 2008, que foi autorizado hoxe no Consello da Xunta. O orzamento total desta actuación ascende a 273.362 euros, dos que a Consellería achega 218.686 euros e o Concello de Sarria o importe restante, 54.676 euros.

A Consellería de Vivenda e Solo ten, entre as súas funcións, o fomento da rehabilitación, recuperación e renovación dos centros históricos, dos tecidos urbanos degradados, das áreas de rehabilitación, do medio rural e das vivendas e edificacións destes ámbitos, mediante todo tipo de axudas e a sinatura de convenios de colaboración con outros organismos ou entidades.

Neste caso, a actuación prevista consiste en crear unha rede soterrada de canalizacións que permita albergar -na actualidade e no futuro- as redes de enerxía eléctrica, telefonía e iluminación pública, así como recuperar e optimizar as redes de evacuación de pluviais. Tamén se colocará pavimento de dous tipos, lastro pequeno de granito para a calzada e madeira para o camiño que discorre a través da fonte. Por último, colocaranse bancos nas zonas de lecer e iluminación pública.